

O ROSAL**A N U N C I O**

Mediante resolución da Alcaldía do día de hoxe acordouse aproba-las bases e a convocatoria para cubrir unha praza de persoal para a impartición das clases para a obtención do graduado en Educación Secundaria Obligatoria, mediante a contratación laboral de carácter temporal a tempo parcial durante oito meses do ano 2008.

Pola presente ábrese un prazo de 7 días naturais, a partir do seguinte ó da publicación deste anuncio neste Boletín Oficial, para presentar as solicitudes e demais documentación requerida nas bases no Rexistro Xeral do Concello ou ben mediante calquera das formas establecidas no artigo 38.4 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, todo elo de conformidade coas bases da convocatoria expostas no taboleiro de anuncios do concello.

O Rosal, a 4 de decembro de 2008.—O Alcalde,
Jesús M^a Fernández Portela. **2007011761**

* * *

PONTE CALDELAS**A N U N C I O**

Aprobación definitiva do establecemento e ordenación da Ordenanza reguladora do prezo público pola prestación do servizo de ludoteca municipal do Concello de Ponte Caldelas.

O pleno da Corporación na sesión ordinaria celebrada o 20 de setembro de 2007 aprobou inicialmente o expediente de establecemento e ordenación do prezo público pola prestación do servizo de ludoteca municipal do Concello de Ponte Caldelas.

Publicado o acordo de aprobación inicial no BOP nº 195 de 8 de outubro de 2007 e transcorrido o prazo de exposición pública sin que se presentasen reclamacións, queda automaticamente elevado a definitivo o citado acordo plenario provisional, e faise público o texto íntegro do mesmo, en cumprimento dos artigos 49 e 70.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.

**ORDENANZA REGULADORA DO PREZO PÚBLICO
POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE LUDOTECA
MUNICIPAL DO CONCELLO
DE PONTE CALDELAS**

ARTIGO 1º.—FUNDAMENTO LEGAL

En uso das facultades conferidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución e os artigos 4 e 106 da

Lei 7/1985 reguladora das Bases do Réxime Local e de conformidade co disposto nos artigos 2.1.e) e 127 Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais, e os artigos 41 a 47 do TRLRFL, o Concello de Ponte Caldelas establece os prezos públicos pola utilización dos servizos da Ludoteca Municipal.

ARTIGO 2º.—RÉXIME XURÍDICO

O establecemento dos prezos públicos regularase polo disposto nos artigos 41 a 47 do TRLRFL, pola Lei 8/1989 de Taxas e Prezos Públicos e polo preceptuado nesta Ordenanza.

ARTIGO 3º.—FEITO IMPOÑIBLE

O feito imponible ven determinado pola utilización dos servizos da ludoteca municipal, nos seguintes conceptos:

En concepto de utilización do servizo de ludoteca municipal.

En concepto de reserva da praza durante a quenda estival.

ARTIGO 4º.—SUXEITO PASIVO

Estarán obrigados ao pago das tarifas correspondentes as persoas que se beneficien dos servizos da ludoteca municipal.

Tendo en conta que os usuarios do servizo gravado por estes prezos son menores de idade que non teñen capacidade de obrar, actuarán no seu nome os seus pais, titores ou calquera outro representante legal do menor, a cuxo nome se emitirán os documentos de cobro.

ARTIGO 5º.—OBRIGACIÓN DE PAGO E DEVENGO

A obriga de pagar o prezo público nace dende o momento en que se formalice a inscrición, xa que considerase que dende entón se inicia a prestación do servizo por parte do Concello e que á vez nace un beneficiario do mesmo.

O ingreso do prezo público esixirase íntegramente nos dez primeiros días do mes natural mediante domiciliación bancaria, agás nos casos de inscrición con posterioridade a tal data, nos que se retribuirá a totalidade do prezo no momento da inscrición.

Nos casos de baixa, tanto automática como solicitada, e nos casos de sanción recollidos no regulamento do Servizo de Ludoteca municipal non procederá a devolución do importe do prezo público do mes ou meses nos que se produzan.

Queda expresamente prohibido o prorrateo da cota.

ARTIGO 6º.—CUOTA TRIBUTARIA

As tarifas que se aplicarán serán as que figuran no párrafo seguinte e estarán en vigor ata que o Pleno da Corporación acorde a súa modificación ou derogación.

TARIFAS:

1.—Prezo por asistencia ao centro durante a quenda do período escolar que comprende dende o 1 de setembro ao 30 de xuño:

- a) 50,00 € mensuais (IVE engadido) por neno.
- b) 60,00 € mensuais (IVE engadido) por parella de irmáns no caso do suposto especial de praza compartida.

2.—Prezo por asistencia ao centro durante a quenda estival que comprende dende o 1 de xullo ao 31 de agosto en dous turnos, de mañá e de serán (coas excepcións previstas no reglamento):

- a) 60,00 € (IVE engadido) por neno polos dous meses.

3.—Prezo en concepto de reserva de praza no caso de nenos matriculados no período escolar que non participen na quenda estival:

- a) 40,00 € (IVE engadido) por neno polos dous meses.

ARTIGO 7º.—EXENCIÓNS,**REDUCCIÓNS E BONIFICACIÓNS**

Establécese unha exención do pago do prezo público para aqueles nenos que os servizos sociais do Concello estimen conveniente debido a situacións problemáticas familiares de tipo económico e/o social, previo informe dos devanditos servizos, cun máximo de 5 nenos.

Establécese unha bonificación do 20% da cota mensual por neno durante a quenda do período escolar a partir do 2º irmán inscrito.

Establécese unha redución de 10 € da cota por neno na quenda estival no caso de máis dun irmán inscrito nesta quenda.

Non se concederán outras bonificacións, exencións ou reducións que as previstas nesta ordenanza.

DISPOSICIÓN FINAL

A presente ordenanza entrará en vigor unha vez aprobada definitivamente, publicada no Boletín Oficial da Provincia, e transcurrido o prazo do artigo 65.2 da Lei 7/1985 reguladora das bases do réxime local, permanecendo vixente ata que se acorde polo Pleno a súa modificación ou derogación expresa.

Contra o presente Acordo poderase interpor recurso contencioso-administrativo, ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior

de Xustiza, no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte da publicación deste anuncio.

Ponte Caldelas, 15 de novembro de 2007.—O Alcalde, Perfecto Rodríguez Muíños. **2007011476**

E D I C T O

Aos efectos do disposto no artigo 169.3 do Real decreto legislativo 2/2004, polo que se aproba o Texto refundido da lei reguladora das facendas locais ao que se remite o artigo 177.2 do mesmo e en relación cos artigos 20.3 e 38.2 do Real decreto 500/1990, de 20 de abril, faise público que a Corporación na sesión plenaria de data 29 de novembro de 2007, adoptou acordo de aprobación definitiva do expediente de suplemento de crédito nº1/2007, quedando o resume por capítulos do orzamento, englobando todas as modificacións efectuadas ata a presente data e incluíndo esta, como segue:

A) Estado de gastos:

Capítulo 1	Gastos de personal	876.605,57 €
Capítulo 2	Gastos en bens correntes e servizo	1.493.366,52 €
Capítulo 3	Gastos financeiros	9.000,00 €
Capítulo 4	Transferencias correntes	81.149,92 €
Capítulo 6	Investimentos reais	1.275.445,03 €
Capítulo 7	Transferencias de capital	109.708,89 €
Capítulo 9	Pasivos financeiros	94.000,00 €
	Total	3.939.275,93 €

B) Estado de ingresos

Capítulo 1	Impostos directos	445.750,00 €
Capítulo 2	Impostos indirectos	98.000,00 €
Capítulo 3	Taxas e outros ingresos	248.634,00 €
Capítulo 4	Transferencias correntes	1.825.895,20 €
Capítulo 5	Ingresos patrimoniais	500,00 €
Capítulo 7	Transferencias de capital	565.826,73 €
Capítulo 8	Activos financeiros	156.450,00 €
Capítulo 9	Pasivos financeiros	598.220,00 €
	Total	3.939.275,93 €

Ponte Caldelas, 29 de novembro de 2007.—O Alcalde, Perfecto Rodríguez Muíños. **2007011452**

A N U N C I O

Aprobación definitiva do regulamento do servizo público de ludoteca municipal do Concello de Ponte Caldelas.

O pleno da Corporación na sesión ordinaria celebrada o 20 de setembro de 2007 aprobou inicialmente o regulamento do servizo público de ludoteca municipal do Concello de Ponte Caldelas.

Publicado o acordo de aprobación inicial no BOP nº 195 de 8 de outubro de 2007 e transcurrido

o prazo de exposición pública sin que se presentasen reclamacións, queda automaticamente elevado a definitivo o citado acordo plenario provisional, e faise público o texto íntegro do regulamento, en cumprimento do artigo 70.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.

REGULAMENTO DO SERVIZO PÚBLICO DE LUDOTECA DO CONCELLO DE PONTE CALDELAS

ARTIGO 1. OBXECTO

O presente Regulamento ten por obxecto a regulación básica de funcionamento do servizo público de ludoteca do Concello de Ponte Caldelas.

ARTIGO 2. TITULARIDADE DO SERVIZO E FORMA DE XESTIÓN

O Servizo público de ludoteca é de titularidade municipal, sen prexuízo da forma de xestión que se aprobe polo Concello, mediante calquera das formas previstas en dereito.

ARTIGO 3. DEFINICIÓN DO SERVIZO MUNICIPAL DE LUDOTECA

A ludoteca concíbese coma un servizo público municipal definido como aquel establecemento diurno de actividade regular dirixido á poboación infantil, que ten por obxecto potenciar o xurdimento dunha actividade lúdica favorecedora do desenvolvemento mental, psicomotor, afectivo e sensorial do neno/a.

ARTIGO 4. OBXECTIVOS

Promover o desenvolvemento cognitivo, psicomotor, afectivo e social dos nenos/as nun entorno lúdico.

- Axudar ao neno a desenvolver a súa imaxinación e creatividade mediante o xogo.
- Favorecer a comunicación, traballo en equipo e respecto mutuo.
- Potenciar a convivencia nun clima de respecto mutuo.
- Detección precoz de conductas inadecuadas (agresividade, illamento, retraso de maduración, marxinação,...) desenvolvendo estratexias para reconducilas e modificalas adecuadamente.
- Orientar aos pais ante as demandas que estos presenten sobre aspectos pedagóxicos e educativos.

ARTIGO 5. USUARIOS

Serán nenos/as desde tres anos cumpridos no momento de realizarse a inscrición ata 12 anos.

Todos os nenos/as deberán estar empadroados no Concello de Ponte Caldelas.

ARTIGO 6. PERSOAL

O servizo de ludoteca municipal contará cun equipo de profesionais con formación ou experiencia profesional no eido da educación ou da socioanimación infantil e xuvenil, de conformidade cos requisitos de titulación esixidos polo Decreto 52/2003 ou calquera outra normativa posterior que a modifique ou substitúa.

ARTIGO 7. FUNCÍONS DO LUDOTECARIO

De organización:

- Recepción de novos usuarios: Inscricións, información e orientación.
- Control de asistencia, matriculacións, altas e baixas.
- Formación e actualización dun Rexistro de Usuarios.
- Elaboración de inventarios, clasificación e calificación.

Educativos:

- Planificación das actividades.
- Facilitar a comunicación interpersoal.
- Promoción da participación.
- Estimulación da creatividade dentro do grupo.
- Detección das necesidades educativas especiais.
- Animador e inductor dun clima distendido e agradable.
- Fomento da integración social, da solidariedade e do respecto á diversidade.

De animación:

- Deseño e desenvolvemento de actividades de animación socio cultural.
- Creación, organización, realización de programas e actividades lúdicas colectivas.
- Realizando de proxectos, programación de traballo e avaliación dos resultados, innovando as intervencións.

De coordinación e información:

- Coordinación coa rede de servizos sociais municipais.
- Atención, orientación e asesoramento aos pais.
- Análise crítico de xoguetes, xogos e material lúdico.
- Avaliación das actividades.
- Elaboración de Informes e memorias.
- Información e promoción do servizo de ludoteca.